

Memoria Curso 2022- 2023



2º ciclo de Educación Infantil	
Coordinadora do ciclo: Sara Delgado Porto	
Titorías do ciclo:	Niveis
	:
María Manso Lorenzo	4ºA
Santiago Cadarso Vázquez Lidia López Sandomingo	4ºB
Carmen Paz Ladra	5º
Lidia López Sandomingo	6º
Sara Delgado Porto	Apoio

A) Porcentaxe de cumprimento da programación e dos obxectivos e razóns da programación non impartida.

A programación impartida foi do 85% do programado, fixemos modificacións tendo en conta os intereses xurdidos polos nenxs ao longo do curso.

Quedaron conmemoracións sen traballar por coincidir cunha programación completa e con moitas actividades de centro nas que participamos.

B) Accións realizadas e modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.

No **1º trimestre** comezamos cos proxectos de aula relacionados cos animais da granxa en cada nivel; vacas e pitiños en 4º, gatos en 5º e cans en 6º.

No mes de outubro, baixamos á Casa da Cultura a ver unha representación de monicreques enmarcada dentro do Festival Internacional de Entes Animados.

Vinculado co *Samaín*, organizamos paisaxes lúdico-artísticos con diversos obradoiros sensoriais e de exploración tomando como base a formación recibida o ano pasado por parte

de Patricia de Createctura, primando o emprego de materiais de refugallo e pezas soltas. A nivel de cole, participamos nas actividades colectivas como a visita da Casa do Terror e as merendas terroríficas.

Conmemoracións:

- *Día Internacional contra a Violencia de Xénero*: artellamos unha instalación baseada na obra de Graciela Sacco <<Bocanadas>>. Ésta levou por título “aMANDo” e xirou en torno a dous elementos figurativos clave:

- A bocas dos nenos, a modo de gritos que reclaman o cese da violencia, das humillacións, das vexacións e os insultos.
- A mans, arma executora da violencia e á que lle quixemos dar a volta convertíndoa en portadora de afectos, apoio, presenza e respecto.

- No *Nadal* participamos na decoración dos diferentes espazos do cole así como cunha árbore para decorar o patio verde. Festexamos o fin de Ano cunha merenda especial navideña.

Tamén se fixeron saídas ao entorno natural do cole có fin de que os nenos puidesen apreciar os cambios que se producen na natureza nesta época do ano.

No **2º trimestre**, no Entroido, aproveitamos o tema escollido no Proxecto de Centro (50 aniversario) para elaborar o noso disfraz. Organizamos obradoiros coas familias que nos axudaron a confeccionar os disfraces dos Picapedra, debuxos da década dos 70 escollidos no ciclo. Rematamos a festa cunha comparsa que desfilou ata a Casa da Cultura e cunha pequena merendola conxunta na que puidemos degustar doces típicos do entroido.

Conmemoracións:

- *Día da Paz*: participamos nunha actividade de centro que consistiu na confección dun gran tear. Por aulas, cada grupo foi á estrutura creada para tal fin a entrelazar anacos de tea que as familias foron aportando. Cando xa estivo todo confeccionado, cada neno colgou del un desexo de paz.

- *Día da poesía*: este ano levamos a cabo a proposta “Agasallando poemas”. Este foi o produto final do traballo coa tipoloxía textual que tiñamos previsto para este trimestre. Cada aula traballou un poema de autores da nosa terra que logo reescribiron e ilustraron. O día 21 fomos polo pobo de Valdoviño deixando caixas cheas de poemas aos establecementos da zona có fin así de agasallar a toda a veciñanza con estes pequenos escritos.

Como cada ano, o alumnado de 6º de El participou no concurso de “**Poesía e Imaxe**”, organizado pola Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra, resultando premiados pola produción artística presentada.

O 14 de febreiro celebramos, como todos os anos, o *Día do Amor e a Amizade*, cada neno escribe unha carta, estas cartas logo se repartiron e levaron para a casa.

Pola Pascua organizamos unha búsqueda de ovos de chocolate polas diferentes aulas así como lecturas e cancións da temática.

No **3º trimestre**, o eixe vertebrador do traballo de aula foi a natureza. Ao longo do trimestre xurdiron diferentes proxectos de aula atendendo os diferentes intereses do alumnado: vermes de seda, rás, pitiños... e fixéronse diversas saídas ao entorno natural do cole.

Puidemos realizar a visita á exposición fotográfica Meissel 93 que tivemos que aplazar por mor da folga de transporte.

Como é a costume, festexamos os *Maios*. Neste curso fixemos un Maio conxunto, participamos na alfombra floral no patio e finalmente cantamos as cancións que aprendemos dos maíos todos xuntos arredor da alfombra.

Conmemoramos o *Día do libro* recibindo a visita do colectivo Asociación de persoas xordas de Ferrolterra que representou por medio da linguaxe de signos o conto “Azul es peregrino”.

Nas *Letras Galegas* traballamos o autor homenaxeado seguindo as diferentes propostas do Seminario Galán e da ENLG do centro.

Puidemos retomar os obradoiros coas familias que tivemos que suspender estes anos por mor do COVID. Organizáronse tres días nos que as familias viñeron á escola en calidade de “expertos” organizando diversos obradoiros: de cociña (elaboraron queixo e un postre frío), saúde (con actividades relacionadas có coidado e saúde dos pés), manualidades (no que prepararon sobre cartóns plantillas de zapatos con cordóns para que os nenos aprenderan a atalos), invernadoiro (coa siembra de diferentes tipos de prantas e hortalizas que logo repartimos e degustamos co alumnado elaborando diferentes receitas nas aulas), experimentos (sobre as propiedades de diferentes elementos como: aceite, auga, fariña, viñagre, colorantes e as súas mesturas) e movemento (con xogos e circuitos de psicomotricidade fina e grosa).

Tamén recibimos a visita do pai dun neno que, acompañado da súa cadela Pepa, fixo unha demostración de obediencia no aparcadoiro das familias.

Aproveitando o bo tempo, preparamos a nosa xa tradicional festa da auga con diversas estacións de xogos: lavado de bonecos, flotadores, aspensor-arcoiris, tobogáns, glitter bar...

Fixemos a excursión de fin de curso á praia de Cabanas. Nela gozamos dun día de praia, comida e xogo.

E participamos na gran festa de fin de curso con diferentes actividades e xogos. Fixemos unha comida de convivencia coas familias e finalizou cunha festa da escuma.

C) Motivos das modificacións feitas o longo do curso. Dificultades atopadas que impediron o logro dos obxectivos e resultados agardados.

O desenvolvemento da programación estivo dentro do esperado, non tendo que facer moitas modificacións relevantes salvo as referentes a temas xurdidos da oportunidade e intereses dos nenos e nenas.

Continuamos có sistema de rotación polas aulas. O que fixemos foi duplicar as aulas de xeito que houbo dous ambientes polos que rotaron os nenos de 3 anos e outros dous polos que rotaron os nenos de 5º e 6º de Infantil. Non obstante, tanto para o alumnado de 4º, como para os de 5º e 6º, as aulas polas que rotaron foron as mesmas: lingua/arte e experiencias/números.

D) Análise dos resultados das avaliacións dos alumnos en relación cos cursos anteriores.

En canto a evolución nos diferentes grupos a información remitida polas titoras é a seguinte:

Primeiro nivel

4º A

Grupo formado por 13 alumnos/as: 8 nenos e 5 nenas.

É importante destacar que a ratio favoreceu o nivel de atención e seguimento do grupo por parte dos mestres. Tiveron un período de adaptación tranquilo, coa participación das familias nas dúas primeiras xornadas, o que favoreceu a incorporación dos nenos e nenas na escola propiciando un clima relaxado.

No primeiro trimestre tivemos moitas faltas de asistencia por mor de enfermidades víricas que interromperon o ritmo da aula e como consecuencia, tivemos regresións emocionais importantes.

Con excepción dun neno, acadaron autonomía no control de esfínteres e no coidado das súas pertenzas, así como no desenvolvemento das rutinas que teñen que ver co funcionamento do grupo. É destacable que en xeral teñen unha fala inmadura, pensamos que por mor do cubre bocas.

No segundo trimestre estivemos moi centrados en asentar rutinas, como o momento da asemblea, no que insistimos moito para poder falar un ratiño, para compartir experiencias, permanecer sentados na cadeira e non falar todos á vez; como facer a fila e ser autónomos para coller e coidar as súas pertenzas.

As relacións van cambiando e cada vez se coñecen mais, na primeira avaliación había nenos e nenas que xogaban sos, sen prestar moita atención aos compañeiros e compañeiras e xa neste momento si que vexo moitos avances, xa se buscan uns a outros e se están formando que teñen os pequenos grupos cos mesmos gustos e intereses, polo que hai moito xogo.

Noto que en xeral, hai mais ruído, mais movemento, conductas disruptivas, desobediencia, falta de atención que me preocupa, xa que é difícil manter a dinámica con tantas interrupcións. Tratamos de ter un clima tranquilo, na aula camiñamos, falamos baixo, nos respectamos, compartimos.....sen moito éxito de momento.

No terceiro trimestre teño que destacar que o tempo que estiven de baixa repercutiu negativamente no comportamento xeral do grupo e aumentou en casos particulares, que requiriron actuación inmediata coas familias para intentar reconducir conductas negativas e desafiantes que se estaban volvendo xa unha constante, como gritos, conflitos que terminan en pelexas, material polo aire, nenos que saen da aula e escapan, asembleas imposibles.... Conseguimos reconducir esta situación recuperando certa normalidade sobre todo a nivel de convivencia, aínda que hai casos puntuais que fan moi difícil o día a día na aula.

A nivel académico estou contenta porque vexo evolución e melloría no grupo en moitos aspectos, como no tempo de atención, de escoita e de implicación nas diferentes actividades. A maioría participa activamente e hasta hai momentos de harmonía na aula.

Dentro do grupo hai catro nenos que polas súas características persoais precisan máis atención, supervisión e coidado e que non acadaron todos os obxectivos do curso. Un deles ten unha discapacidade recoñecida por trastorno da linguaxe e os outros tres teñen baixos niveis de atención e de tolerancia da frustración. Destacan a nivel madurativo e curricular un grupiño que favorece e propicia o devenir da aula.

4ºB

Grupo formado por 11 alumnos, 6 nenos e 5 nenas, inicialmente estaba matriculada unha nena máis pero non chegou a iniciar o curso.

Consecuencia directa desta ratio foi o devenir dun curso onde puidemos atender a todas as necesidades dos nenos e nenas nun ambiente tranquilo tanto no desenvolvemento de actividades coma no xogo por recantos.

Unha nena do grupo sufriu episodios convulsións febrís con crisis de ausencia de certa gravidade o ano e verano anterior de comezar o curso. Por este motivo tivemos unha atención especial á súa saúde, con medicación na escola para caso de ser precisa e que tivo máis faltas de asistencia. das habituais. Fora da escola tivo un episodio que afortunadamente non tivo consecuencias para ela e coa administración dunha medicación semella que o risco está bastante controlado.

A relación coas familias tamén foi fluída e moi positiva, en todo momento manifestaron a súa confianza e benestar coa escola e participaron activamente no desenvolvemento de actividades como a preparación do Entroido e os obradoiros coas familias.

En xeral o grupo tivo unha boa adaptación, podemos destacar a dous nenos e unha nena aos que lles costou sentirse tranquilos na escola e aínda que xa estaban adaptados ás rutinas diarias entraban chorando e a mañá se lles facía bastante longa. Comezado o segundo trimestre, salvo momentos puntuais este aspecto foi superado.

A nivel de comportamento podemos destacar a unha nena cun carácter bastante forte, algo teimuda no comportamento cos iguais e tímida á hora de relacionarse cos adulto polo que a comunicación con ela cando había un conflito era algo complicada. Tamén hai no grupo un neno que destacaba polo seu exceso e cambio continuo de actividade pero o ritmo tranquilo do grupo favoreceu que asentara polo que llo podemos achacar a que era un comportamento adquirido anteriormente e non propio.

A nivel de linguaxe, dous nenos e dúas nenas comezaron o curso con bastante inmadurez tanto articular como estrutural pero avanzaron moito e rematado o curso presentan unha boa competencia.

Rematamos o curso satisfeitos coa evolución do grupo, a súa autonomía, comportamento e actitude.

Segundo nivel

5º

A valoración do curso, a nivel xeral, foi positiva aínda que se notou moito o aumento do número de nenos que se incorporou este curso ó grupo, pasaron de ser 15 nenos e nenas a ser 21, pero foron adaptándose sen problema. En xeral, son participativos, gústalles falar, contar as súas experiencias.

Unha das nenas novas veu de Francia o que supuso unha importante limitación na linguaxe, con problemas de comprensión e expresión no noso idioma polo descoñecemento do mesmo, pero avanzou de forma satisfactoria, pouco a pouco foi adquirindo o vocabulario da nosa lingua e a comunicación cos compañeiros e cos adultos mellorou moito.

Outros dous nenos están indo a un logopeda externo, van avanzando bastante ben.

Hai que destacar o caso dun neno que pola súa timidez fala pouco e moi baixiño e tamén o caso dunha nena que sustitúe fonemas, e como sabe que nos custa entendela pois fala o mínimo, xa mellorou moito polo que pensamos que é madurativo.

O grupo é bastante movido e ruidoso pero a relación entre eles é boa, son cariñosos, con boa actitude, cada vez máis autónomos, a maioría, cunha boa disposición para o traballo e con gañas de aprender, na maioría a concentración e atención foi mellorando, a nivel académico non hai casos preocupantes pero si diferentes ritmos de aprendizaxe e niveis madurativos.

A dous nenos cústalle prestar atención e necesitan unha atención máis individualizada pero unha vez que entenden o que hai que facer o van facendo aínda que necesiten axuda individualizada.

O número de faltas de asistencia dunha nena que ademáis non estivo matriculada o curso pasado fixo que lle resultara difícil seguir o ritmo normal da clase.

Terceiro nivel

6º

Este curso 2022 -23 escolarizáronse na aula de 6ª de educación infantil, 25 alumnos dos cales 13 son nenas e 12 nenos.

Quero destacar dentro do grupo a un alumno que flexibilizou con xordeira bilateral severa que conta con dous audífonos.

Recibiu apoio tanto fora como dentro da aula pola especialista de PT e polo especialista de AL durante dúas sesións a semana.

A súa incorporación ao grupo non foi doada, por un lado incorporouse a un grupo novo e por outro, os seus problemas de comunicación e a falta de fala, facían imposible a súa integración e a súa comunicación.

Por outro lado tamén está escolarizado un alumno cun diagnóstico de TEA leve o cal asiste a tres sesións semanais no centro de ASPERGA da Coruña. Dende o centro mantivemos ao longo do curso unha comunicación fluída con eles para poder levar a cabo un seguimento axeitado e coordinarnos nas nosas intervencións.

Na avaliación inicial deste curso destaco os avances do grupo en moitos aspectos sobre todo a nivel de atención e constancia así como nas súas relacións e interaccións . Apreciáronse avances a nivel madurativo respecto ao curso anterior.

No segundo trimestre o grupo seguiu mellorando nos tempos de atención así como na constancia no traballo de mesa. No último trimestre visitáronnos dúas terapeutas do centro de Asperga ónde asiste o alumno con TEA. A razón da súa visita era observalo no grupo cos seus compañeiros para valorar aspectos relacionados coas habilidades sociais , coa súa integración en gran grupo así como as interaccións e a autonomía nas actividades ou rutinas.

Por outro banda elaboramos dous obradoiros relacionados coa fotografía e o mundo da moda, baseados na filosofía de diluir as barreiras do feminino e do masculino a hora de vestirnos. Nel colaboraron as familias e puxemos en práctica o traballo de valores como a coeducación, o respecto pola diversidade e a tolerancia ...

Para termiñar quero deixar constancia da importancia da labor do departamento de orientación nos avances do alumno con xordeira. A nivel grupal todos os alumnos recibiron por parte do especialista de AL unha sesión semanal de linguaxe de signos, implicámonos todos na comunicación tanto verbal como non verbal deste neno coa finalidade de conseguir melloras na súa integración e no seu proceso comunicativo.

Como titora gustaríame moito que se seguira nesta liña de traballo en primaria, xa que os avances e o resultado foi moi satisfactorio.

E) Propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso.

Ao igual que na programación deste ano, para o vindeiro ano consideramos importante non cargala demasiado de contidos e deixar espazo para os proxectos motivados por centros de interese que xurdan no quefacer cotiá.

Como proposta de mellora para o próximo curso é continuar na liña de aproveitar todavía máis dos espazos exteriores como o patio, o invernadoiro, o monte e espazos naturais próximos á escola para integralos na nosa práctica educativa cotiá.

Ademáis, tamén deixamos a porta aberta para facer agrupamentos mixtos estables ao longo da semana. Cremos que isto será moi beneficioso para os nenos dada as relacións e aprendizaxe que se xerarán a partir dos mesmos.

F) Avaliación da práctica docente.

Un aspecto que consideramos importante é a comunicación fluída entre o equipo. O feito de ter unha programación compartida e participar nas mesmas formacións do PFPP impartido polo CEFORE, fai que teñamos unha liña de traballo conxunta e máis momentos de traballo en equipo de ciclo. O feito de ter unha programación compartida non impediu que nas titorías se levasen a cabo propostas e proxectos diferentes, xa que sempre se respectan os intereses, gustos e inquiredanzas dos diferentes grupos.

Estas formacións conxuntas teñen como positivo a formación permanente da equipa, cunha orientación/obxectivo común e un tempo de encontro para reflexionar e facer novas propostas de ciclo. Por outra banda, ocupan moito tempo de reunión e formación que nos deixa con menos tempos para falar do día a día e de temas propios de reunión de ciclo, sobre todo estando nun centro con tantas propostas e proxectos a nivel de centro.

Para o ano, seguiremos na liña sobre a que vimos camiñando estos anos: potenciación dos espazos das aulas e educación artística.

G) Actividades extraescolares e complementarias desenvolvidas.

Neste curso as actividades desenvolvidas foron:

- Visitas á Casa da Cultura.
- Saída de todo infantil a Coruña, visitando a exposición de Meisel 93.
- Excursión fin de curso a Cabanas.

H) Principais conclusións.

En xeral, este ano estamos satisfeitos co traballo realizado e co funcionamento da equipa de ciclo, que xerou moi bo ambiente e experiencias de aprendizaxe moi valiosas, ao noso entender, para os nenos e nenas.

Cumprimos un dos obxectivos que nos plantexamos o curso pasado, que era enriquecer o patio de infantil. A instalación das cociniñas e tipis de madeira foi sen dúbida unha novidade moi importante que nos axudou a diversificar e darlle unha maior calidade aos momentos de xogo libre.

O feito de recuperar os obradoiros coas familias e telas de novo con nós nas aulas tamén foi moi importante para todos: nenos, mestres e as propias familias. Axudounos a fortalecer todavía máis os vínculos familia-escola e a forxar a nosa comunidade.